

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SADA**

*ANUNCIO da segunda convocatoria do proceso selectivo para a provisión, pola quenda reservada a persoas discapacitadas, dunha praza de traballador/a social, incluída na oferta de emprego público para o ano 2024.*

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña (BOP) número 136, do 18 de xullo de 2025, foi publicado o anuncio da resolución pola que se convoca novamente a provisión en propiedade da praza vacante deste concello coas seguintes características:

– 1 (unha) praza vacante de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2 de clasificación, denominada traballador/a social.

Sistema selectivo: oposición en quenda reservada a persoas discapacitadas.

As bases que van rexer a convocatoria foron publicadas integramente no BOP número 104, do 30.5.2024.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

Sada, 28 de xullo de 2025

Óscar Benito Portela Fernández  
Alcalde

CVE-DOG: 35f6cds2-iz14-v769-fs65-py8dmyysjnx3

